

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 23 DE
DECEMBRO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogo do PP presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/6868 o día 20 de decembro de 2021, xunto co resto de rogos e coas preguntas presentados ás comisións informativas.

Único. Entre as deficiencias que veñen sendo observadas e postas de manifesto polo Grupo Municipal Popular respecto do contido da páxina web do noso concello, obsérvase que o apartado correspondente ás retribucións dos concelleiros por asistencias a órganos colexiados, non se atopa actualizado desde o mes de febreiro do presente ano, isto é, case dez meses de atraso na publicación de datos que, conforme coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deben encontrarse permanentemente actualizados.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para que, á maior brevidade posible, se adopten as medidas necesarias para a actualización constante e inmediata dos datos que ao respecto debe amosar a páxina web do noso concello.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos recolle o rogo.

Rogo do PP presentado oralmente

Don Juan María Abalo Castex di que, á vista do avance do Covid-19, solicitan que as reunións dos órganos colexiados se realicen telematicamente.

Rogo de C's presentado por escrito

Dona María José García Hidalgo, de C's, retira o rogo rexistrado de entrada ao núm. 999/6855 o día 20 de decembro de 2021, xunto coa pregunta presentada para esta comisión informativa, dado que, di, xa foron atendidas. O rogo consta do seguinte tenor literal:

“**Único.** Dado que na Comisión Especial da Conta Xeral de 2020 preguntamos pola subvención concedida a unha asociación empresarial correspondente ao exercicio 2019 ao cal o señor interventor nos indicou que, por non ter a documentación dispoñible nese momento, pedísemos o expediente por rexistro á ADL.

Dado que rexistrada a solicitude núm. 202199900004830 o día 20 de setembro de 2021 e non tendo sido facilitado o expediente (nin sequera antes do pleno onde se aprobou a Conta Xeral), volvemos reclamar de novo o dito expediente nunha comisión informativa posterior. O concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico dixo unicamente que se trataba dunha subvención a través da Deputación.

Dado que na pasada comisión de seguimento do PES do día 15 preguntamos por cuarta vez por este expediente e dado que desde ADL se nos informou que non lles constaba esa solicitude.

E dado que posteriormente se nos informa que a dita subvención se tramitou dende o Departamento de Cultura e non dende ADL como mencionou o interventor en Comisión Especial de Contas.

ROGAMOS:

Se lle dea traslado á solicitude núm. 4830 ao departamento correspondente e se nos facilite o dito expediente ou documentación á maior brevidade posible”.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6868 o día 20 de decembro de 2021, xunto cos rogos e co resto das preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Nas últimas comisións informativas púxose en coñecemento do equipo de goberno que, conforme co artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas *“As administracións públicas deben publicar e manter actualizadas no portal web, para efectos informativos, as relacións de procedementos da súa competencia, con indicación dos prazos máximos de duración destes, a si como dos efectos que produza o silencio administrativo.”*

Á vista das explicacións ofrecidas pola concelleira competente, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase que intervencións se produciron durante o último mes para dar cumprimento ao dito compromiso adquirido.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos recolle o rogo e di que se está a traballar na nova web municipal, pero que aínda faltan departamentos por pechar e que conta que en xaneiro xa estea dispoñible.

2ª Así mesmo, e respecto do cumprimento das obrigas de publicidade activa prevista na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, pregúntase á concelleira competente sobre o cumprimento desta obriga no noso concello respecto das subvencións outorgadas ou percibidas polas asociacións.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos recolle o rogo e di que dentro do portal de transparencia da web municipal hai un enlace que dirixe á base de datos nacional de subvencións, datando a última publicada polo Concello de Cambre do 2 de decembro de 2021.

Pregunta de C's presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/6855 o día 20 de decembro de 2021, xunto co rogo presentado para esta comisión informativa.

Único. Dende o inicio da pandemia ata o día de hoxe:

Cal é o número de peticionarios de teletraballo entre os funcionarios e o resto de traballadores do concello que precisaron presentar prescrición facultativa dentro da documentación requirida para a determinación da concesión ou rexeitamento da súa solicitude de teletraballo?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos contesta que cero, que nunca se pediu unha prescrición facultativa.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/6868 o día 20 de decembro de 2021, xunto co resto de rogos e coas preguntas presentados ás comisións informativas.

1º Ademais da reiteración do rogo xa manifestado por este Grupo Municipal Popular da necesidade de proceder ao correcto asfaltado do camiño que baixa ao campo de fútbol de Peirao e segue cara ao río (coa necesidade urxente de proceder a algunha intervención provisional que mellore o seu estado); os veciños do lugar infórmanos que o devandito camiño require labores de roza nunha gran parte del, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, xa que hai máis de dous anos que non se limpa.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se roce o dito camiño o máis axiña posible.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que acepta o rogo pero que se rozou a man o 16 de xullo de 2021 e que está no listado para rebacheo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que soamente se rozou unha parte.

Don Ramón Boga Moscoso contesta que hai unha parte que non é pública e que soamente se rozou a parte pública.

2º Nas comisións informativas do pasado mes de xullo, este Grupo Municipal Popular puxo en coñecemento do equipo de goberno as queixas dos veciños e usuarios da marquesiña de autobús colocada na parada existente á entrada da urbanización A Barcala, como insuficiente para acoller a todos os veciños que fan uso dela en horas punta e en épocas de curso escolar. Marquesiña cuxo deseño, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, ofrece aperturas na parte superior que permite a entrada de auga en días de choiva, e cuxo estado de limpeza tampouco é o idóneo.

A concelleira competente en materia de Medio Ambiente e Mobilidade comprometeuse a estudar a devandita queixa, pero o certo e verdade é que 5 meses despois, os veciños e usuarios desta parada de autobús seguen sufrindo os mesmos problemas sen que nada se fixo respecto diso.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se realicen as xestións necesarias para completar ou substituír a dita marquesiña de autobús de forma que se mellore a súa prestación aos nosos veciños.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que recolle o rogo e que esta marquesiña está incluída dentro do contrato de mellora e mantemento de marquesiñas que se atopa en contratación.

3º Veciños e usuarios da rúa Tapia e da autoestrada do Atlántico infórmanos da desaparición do sinal indicativo existente á entrada da Autoestrada en Ou Paraugas que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan desapareceu (probablemente por un accidente), do que só quedan restos do soporte.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para reponer o sinal desaparecido o máis axiña posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que é debido a un accidente que tivo lugar con data do 29 de novembro de 2021 e que dende a policía local xa se lle deu traslado á Xunta e a Fomento.

4º Reiteradas son as queixas que mostran os nosos veciños sobre o estado de sucidade no que se atopan as rúas, paseos e prazas do noso municipio. Nesta ocasión son os veciños do Temple, e máis concretamente do seu paseo marítimo, os que se queixan do deficiente servizo de limpeza que mostra o devandito paseo, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, que parece non conta coa asiduidade e rigorosidade que merece.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se reitera a nosa petición de mellora da limpeza dos nosos espazos públicos o máis axiña posible, tamén do paseo marítimo do Temple.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que xa se lle deu traslado á empresa EMSO e que neste caso, ao tratarse de follas, realizan a limpeza a primeira hora da mañá pero ao longo do día volve a estar igual. Engade que, aínda así, farán unha revisión periódica.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que os veciños lle comentan que non ven os operarios por alí.

6º Veciños e usuarios do transporte público do noso municipio, fundamentalmente da urbanización A Barcala, reiteran as súas queixas sobre os atrasos no transporte público que se están producindo nos últimos meses, que nalgúnhas horas chega a superar a media hora de atraso respecto da cadencia habitual, co evidente trastorno que iso provoca.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para resolver o problema advertido o máis axiña posible.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo e di que están en contacto coa empresa concesionaria e coa Xunta pero que a solución é complexa debido ás obras da N-VI.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que é un problema para os veciños, que chegan tarde ao traballo e que ás veces chegan dous buses seguidos.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy di que si, porque poñen buses de reforzo pero que coas caravanas que se forman ocorre que, ás veces, chegan xuntos á parada. Engade que a empresa está tratando de mellorar o servizo pero que é difícil porque os maiores atrasos prodúcense en horas punta, nas que, ademais, están cos coles.

Neste punto intervén o señor alcalde e di que lle propuxeron a Fomento que construíse unha rotonda na saída da autoestrada no Temple, para que se poida ir por alí sen necesidade de chegar ao Paraugas, pero que onte o chamou o xefe da Demarcación de Estradas para dicirlle que tecnicamente non o ven viable, polo que pediu unha reunión coa Subdelegación do Goberno.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6868 o día 20 de decembro de 2021, xunto cos rogos e co resto das preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Veciños de Peirao infórmanos do que, polas fotografías que se achegan, parece ser a substitución das bandas rugosas de caucho por outras de obra, descoñecendo cal é o motivo concreto que se tivo en conta para esta substitución cando estaban a cumprir a súa función limitadora da velocidade no lugar.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre o motivo da devandita substitución e a posibilidade de que a dita substitución se estenda a outros lugares do noso municipio.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que desapareceron, que as volveron colocar e volveron desaparecer, que as roubaron.

2ª Nos últimos días vimos como o cruceiro instalado nas inmediacións da casa do concello e a igrexa de Cambre está sendo obxecto dunha intervención que, pola aparatosa infraestrutura instalada (tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan) non permite apreciar a súa envergadura.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte que tipo de intervención se está levando a cabo no dito cruceiro que obrigou a establecer a dita infraestrutura e se esta conta coa necesaria autorización da Dirección Xeral de Patrimonio.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que se lle colocou esa malla por cuestións de seguridade pero que xa se sacou porque a obra está rematada, que o que se fixo foi elevar o cruceiro co fin de devolverlle o protagonismo que merece, pois coas obras de remodelación da praza de Europa quedara nun nivel inferior, e que por suposto que conta co permiso de Patrimonio, pois trátase dun ben situado na contorna dun BIC (ben de interese cultural) e dun elemento etnográfico protexido.

3ª Nas comisións informativas do pasado mes de setembro e outubro, o Grupo Municipal Popular reiterou a súa solicitude do mes de xullo para que polo concelleiro competente se adoptasen as medidas necesarias para resolver o máis axiña posible os problemas de insalubridade e perigo de incendios advertidos no terreo situado na rúa Sixto, de Cambre, que se recolle nas fotografías que se achegan. Terreo no que se observaba un evidente estado de abandono, con proliferación de vexetación, silvas e matogueiras que invaden rúas e inmobles lindeiros, converténdoo nun auténtico perigo de incendio e un foco de insalubridade, que a seguridade dos cambreses obrigaba corrixir o máis axiña posible.

Transcorridos varios meses desde aquela petición e tras terse limpado e rozado un dos dous terreos, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao referido concelleiro que progresos houbo no último mes para resolver os problemas que aínda existían no outro terreo para a súa limpeza e roza.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que está publicado o inicio do expediente de limpeza, xa que non se identificou o titular da parcela.

4ª Son xeneralizadas as queixas veciñais sobre a deficiente iluminación do Nadal que mostran as nosas rúas e lugares públicos. Dun simple paseo pola nosa comarca, advírtese como as nosas son as máis tristes e escasas, mesmo con constantes fallos na súa activación que fan dubidar sobre a calidade do instalado, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente sobre a orixe, calidade e orzamento da iluminación do Nadal instalada este ano nas nosas rúas e lugares públicos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que é certo e que cando chegou xa reclamaron. Engade que se destinaron 20.000 € pero que non se vai pagar todo.

5ª A principios do pasado mes de outubro, veciños de Peiraio, na cambresa parroquia de Bribes, viron como unha pa escavadora empezou a perforar o chan e realizar obras de cimentación nun terreo anexo ao seu local veciñal (tal e como se aprecia na fotografías que se achegan), do que máis tarde, parecen ser obras executadas por Emalcsa para instalar unha torreta con sirena, coa finalidade de avisar aos residentes en caso de emerxencia, descoñecendo quen deu permiso para a súa instalación.

Sexa como fose, o certo e verdade é que as obras non contaban co preceptivo cartel anunciador, descoñecendo este grupo municipal cal foi a intervención municipal neste asunto.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente, se informe sobre a intervención do noso concello nas devanditas obras (permisos, licenzas, etc.) desde a súa orixe ata o día de hoxe.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras contesta que se abriu un expediente de reposición da legalidade, que apareceu Emalcsa e que xa presentou comunicación previa, que falta autorización de AENA e que, en canto chegue, eles saberán se fan as obras ou non.

6ª En precedentes comisións informativas, este grupo municipal interesouse polas demandas que os veciños da Urbanización Os Castros do Bosque, en Cecebre, manifestaron ao alcalde de Cambre; entre elas a petición de que os contedores de lixo non cambiasen de localización ou o fosen en lugar consensuado coa maioría dos veciños.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno sobre a situación actual do referido asunto.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se cambiou porque consta unha petición con 64 sinaturas, fronte a 8 sinaturas que solicitan que non os cambien.

Pregunta de AV presentada oralmente

Don Raúl Varela Fraguío di que onte recibiu unha queixa en relación coas prazas de aparcamento da rúa Miguel González Garcés e pregunta porque se cambiou o seu sentido.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que efectivamente antes aparcaban de fronte a agora consideran que é mellor saír de fronte. Di que se trata dun criterio técnico que considera que así funciona mellor.

Preguntas de EU Son en Común presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6836 o día 17 de decembro de 2021.

1ª Conta o local sito no baixo do número 2 da rúa da Tapia, nomeado como Beagle, con todos os permisos necesarios e precisos para o exercicio da súa actividade tal e como se ven levando a cabo ata o de agora así como a normativa recollida para este tipo de locais na Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión de ruídos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de espaxemento e/ou recreativas sometidas a licenza, no relativo, concretamente, ao recollido nos artigos 59.1 (si ou non), 60 (si ou non), 61 (si ou non), 62 (si ou non), 63 (si ou non), 64 (si ou non), 65 (si ou non), 66 1.1.a (si ou non), 66 1.1. b (si ou non).

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras contesta que existe unha comunicación previa para “pub” con informes técnicos favorables.

2ª Para os efectos das normas que rexen o urbanismo deste concello, e normas de rango superior na mesma materia, considérase “terrazza” a zoa do local Beagle que está perimetrada na propia fachada exterior, pero contén grandes espazos abertos tipo grandes ventás e que comunican directamente ao exterior, e con isto é de aplicación toda a normativa propia de terrazas, ou pola contra considérase parte do local interior e, polo tanto, deberían estar esas ventás pechadas con cristal ou outro material que ille do exterior, contrariamente a como están na actualidade?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras di que se trata dunha boa pregunta, que nas terrazas sitas en dominio público a cuestión está clara, pero que nas terrazas en dominio privado preséntanse máis dúbidas, e dá lectura ao oficio remitido aos titulares da actividade:

“En relación coas queixas recibidas nesta concellería provenientes dos veciños do Pub Beagle que vostede rexenta, situado na rúa Tapia, núm. 2, parroquia do Temple, polos rúidos que se producen na zona aberta do dito establecemento, tal e como se refire no parte de servizo emitido pola Policía Local o pasado 16 de outubro, ponse no seu coñecemento que as medidas correctoras esixidas e a medición acústica achegada para a apertura do dito establecemento refírense exclusivamente á zona cerrada do mesmo, non a súa zona aberta, polo que deberá de evitar o uso desta última cando este uso implique ou poida implicar molestias a veciños por incumprimento da normativa de rúidos e das medidas correctoras establecidas na comunicación previa para o exercicio da dita actividade da que vostede é o responsable”.

3ª Atendendo ao contido do artigo 26 da Lei do solo, que seguidamente transcribimos:

“Artigo 26. Formación de predios e parcelas, relación entre eles e complexos inmobiliarios.

1. Constitúe:

a) Predio: a unidade de chan ou de edificación atribuída exclusiva e excluintemente a un propietario ou varios en proindiviso, que pode situarse na rasante, no voo ou no subsolo. Cando, conforme á lexislación hipotecaria, poida abrir folio no Rexistro da Propiedade, ten a consideración de finca rexistral.

b) Parcela: a unidade de chan, tanto na rasante como no voo ou o subsolo, que teña atribuída edificabilidade e uso ou só uso urbanístico independente.

2. A división ou segregación dun predio para dar lugar a dous ou máis diferentes só é posible se cada un dos resultantes reúne as características esixidas pola lexislación aplicable e a ordenación territorial e urbanística. Esta regra é tamén aplicable ao alleamento, sen división nin segregación, de participacións indivisas ás que se atribúa o dereito de utilización exclusiva de porción ou porcións concretas do predio, así como á constitución de asociacións ou sociedades nas que a calidade de socio incorpore o devandito dereito de utilización exclusiva.

Na autorización de escrituras de segregación ou división de leiras, os notarios esixirán, para o seu testemuño, a acreditación documental da conformidade, aprobación ou autorización administrativa a que estea suxeita, no seu caso, a división ou segregación conforme coa lexislación que lle sexa aplicable. O cumprimento deste requisito será esixido polos rexistradores para practicar a correspondente inscrición.”

Considera o concelleiro de Urbanismo que unha xunta de dilatación existente entre dous locais de hostalería contiguos (Beagle e Regueira) dentro da mesma edificación e predio, é suficiente para conforme coas normas municipais e xerarquicamente superiores como a anteriormente descrita, poidamos afirmar que o Regueira e o Beagle non son locais contiguos, e que a dita contigüidade pode ser suprimida a todos os efectos normativos e regulamentarios e legais, por unha xunta de dilatación?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de urbanismo e obras contesta que ven a facer política, non consideracións dos informes técnicos, e que para el é válido o informe técnico emitido.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos por escrito.

Pregunta do PP presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/6868 o día 20 de decembro de 2021, xunto cos rogos e co resto das preguntas presentados ás comisións informativas.

Única. Á vista da petición efectuada nas comisións Informativas do pasado mes de outubro respecto do calamitoso estado no que se atopaban as porterías do campo de fútbol de Peiraio, tal e como se aprecia na fotografía que se adxunta, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase polas xestións levadas a cabo respecto diso no último mes.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude contesta que está pendente de ter unha reunión coa veciñanza, que aínda non se celebrou porque non houbo ningunha petición e que por eso non o consideran urxente.